

8ª PROBA, XXIII LIGA GALEGA O-PÉ
SÁBADO 06/09/2014 – PINAR DE SAN XURXO (FERROL)

·ORGANIZA

Club APA Liceo

·DIRECCIÓN

Alberto Taberner

·EQUIPO TÉCNICO

Cartografía e percorridos: Iván Mera

Traballo de campo: Julio Cañás, Álvaro Armada, Jose Antonio Castrillón

·ZONA DE CONCENTRACIÓN

Aparcadoiro da praia de Doniños (Ferrol), con acceso dende AP9

Coordenadas GPS: 43° 30' 14.5"N, 8° 16' 60.0"W

·DATOS MAPA

Escala 1:10000 para tódalas categorías | Equidistancia 2,5m

A pesar de que existe un mapa de “Doniños” clásico, debuxado en 1994 por Victor Dobretsov, e unha posterior revisión a cargo de José Luis Pozo en 2002, polos importantes cambios na vexetación da zona e maila variación da rede de camiños e construcións, decidiuse cartografiar de novo o mapa por completo, actualizado á norma ISOM 2000, nun traballo realizado no mes de xuño de 2014 por Iván Mera.

Ao igual que nas versións anteriores, mantívose a equidistancia de 2,5 metros, permitida pola norma ISOM 2000 para terreos con pouco desnivel.

·DATOS CARREIRA

Distancia clásica, desnivel medio. Carreira rápida, agás en zonas de vexetación puntuais, sobre todo pola maleza crecida en zonas boscosas (o desbroce só o permiten nalgunhas zonas cada ano, ao ser este un espazo incluído na Red Natura).

·ZONA DE COMPETICIÓN

Área situada entre as praias de Doniños e San Xurxo, na que se alternan zonas de bosque de piñeiros con outras abertas e cubertas de bloques de maleza, de tamaño diverso, nos que a lectura de mapa resulta clave.

Dende varios puntos do mapa as vistas son magníficas, tanto ao norte ata Cabo Prior, como ao sur ata Cabo Prioriño, e por suposto ao leste coa inmensidade oceánica, polo que a proba adquire unha condición especial, xa que permite desfrutar en carreira de paisaxes fantásticas.

·DETALLES DE INTERESE

Dende a organización estamos a traballar en varios detalles que de seguro serán do voso agrado, coa intención de mellorar na “visibilidade” do noso deporte, facilitar o seu acceso, e tamén aportar elementos atractivos á competición, sobre todo na categoría de Élite.

No seguinte boletín teredes toda a información técnica completa, así como sobre as inscricións, acceso, e todo tipo de detalles arredor da proba.

Agardámosvos en setembro!